

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	NON CUBRIR
<b>MATERIA</b>	Análise de espectáculos
<b>DISCIPLINA</b>	Análise de espectáculos
<b>TITULACIÓN</b>	Grao en Arte dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Escenografía
<b>ITINERARIO</b>	
<b>CURSO</b>	4º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	3
<b>CARÁCTER</b>	Formación básica
<b>DEPARTAMENTO</b>	Teoría e historia das artes escénicas
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Inma López Silva
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Inma López Silva <b>Horario titorías:</b> <b>Despacho:</b> Teoría e Historia das Artes Escénicas <b>Contacto:</b> inma.lopez.silva@edu.xunta.es
<b>DESCRICIÓN</b>	Estudo de diferentes modelos para a análise dos espectáculos teatrais aplicados á Escenografía, facendo fincapé no teatro como feito escénico e os seus distintos xéneros para logo atender os demais tipos de espectáculo en vivo (danza, musical, obxectos) e abordar asemade a técnica da análise comparativa, o ensaio crítico e a interpretación do feito escénico desde coordenadas sociais, políticas, históricas, económicas e culturais.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Historia do teatro e das artes do espectáculo nivel ESAD. Teorías do teatro (nivel ESAD). Coñecementos básicos de teorías do signo e da comunicación. Coñecementos básicos de análise de textos.
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
<b>T6</b>	Realizar autocrítica para o propio desempeño persoal e interpersonal.
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
<b>T14</b>	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X1</b>	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina,

	procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.		
<b>X8</b>	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.		
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>			
<b>EE5</b>	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.		
<b>EE6</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.		
<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>		<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>	
1. Emprego da análise de espectáculos como estratexia para a construción da imaxe escénica		T2, T8, X3, X8, EE5, EE6	
2. Desenvolvemento da capacidade crítica.		T6, X1, X8, EE5, EE6	
3. Coñecemento e aplicación ao deseño escenográfico do modelo semiótico-estrutural básico.		X6, X8, EE5, EE6	
4. Coñecemento e traballo coa crítica de espectáculos como forma de reflexión sobre o gusto en arte.		X6, X8, EE5, EE6	
5. Comprensión do relevo da análise de espectáculos como fundamento da creación escenográfica.		X6, X8, EE5, EE6	
<b>4. CONTIDOS</b>			
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>SESIÓNS</b>	
1.	O espectáculo como conxunto sógnico disposto no espazo escénico.	6	
2.	A análise do espectáculo desde a construción sógnica do espazo. Metodoloxía de análise sógnica para a análise escénica.	24	
3.	O repertorio e os códigos xenéricos. Reflexión desde a escenografía histórica.	9	
4.	O lugar do espectador e a crítica teatral aplicada á escenografía	6	
<b>TOTAL SESIÓNS</b>			<b>45h</b>
<b>5. PLANIFICACIÓN DOCENTE</b>			
<b>Actividade / Número de horas</b>	<b>Presencial (horas)</b>	<b>Non presencial (horas)</b>	<b>Total</b>
Exposición maxistral	12		12
Exposición práctico-teórica	18		18
Práctica individual / Análises e críticas	3	9	12
Práctica colectiva / Debates e exposicións	12		12
Tutorías individuais		1	1
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>10</b>	<b>55</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>90 %</b>	<b>10 %</b>	
<b>6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE</b>			
<b>Actividades</b>	<b>Descrición</b>		
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos núcleos temáticos fundamentais da materia.		
Traballos/ Prácticas	Adquisición de recursos, métodos e técnicas a través do traballo individual e colectivo.		
Traballos tutelados	Realización de diferentes materiais cunha orientación teórico-práctica e metodolóxica baixo a supervisión do profesor.		

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Titoría presencial	O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.	
Titoría electrónica	O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Asistencia e participación na aula	T1, T7, T9, T10, X2, X3, X6, X7, EE5	5%
Escrita da crítica dun espectáculo	T1, T16, X2, X3, X6, X7, EE5, EE6	25%
Análise dun espectáculo e exposición oral	T1, T9, T17, X2, X3, X6, X7, EE6	45%
Elaboración dun repertorio escenográfico	T1, T9, T17, X2, X3, X6, X7, EE5, EE6	25%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
A avaliación extraordinaria consistirá na elaboración dun exame final consistente na análise total dun espectáculo ou no desenvolvemento daquelas competencias que non se teñan acadado a partir da repetición dos traballos non superados baixo a supervisión do profesor. A decisión entre unha opción ou outra será exclusiva do docente.	X1, X3, T2, T6, T8, T14, EE5, EE6	100%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<b>Traballo obrigatorio.</b> Consistirá na análise total dun espectáculo aplicando os coñecementos adquiridos na materia. Deberá oscillar entre 25 e 40 páxinas.	X1, X3, T2, T6, T8, T14, EE5, EE6	70%
<b>Exercicios de carácter práctico.</b> Dependendo do grao de ausencia ás aulas, a docente poderá esixir que o alumno presente algún exercicio de carácter práctico correspondente a algún tema concreto.	T2, T6, T8, EE5, EE6	30%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
<p>Aristóteles (1988) <i>Poética de Aristóteles</i>, ed, trilingüe de Valentín García Yebra. Madrid: Gredos.</p> <p>Artaud, Antonin (1978) <i>El teatro y su doble</i>. Barcelona: Edhasa.</p> <p>Bobes Naves, María del Carmen (ed.) (1997): <i>Teoría del teatro</i>, Madrid, Arco Libros.</p> <p>Bobes Naves, M.C. (1987): <i>Semiología de la obra dramática</i>, Madrid, Taurus.</p> <p>Brook, Peter (1986) <i>El espacio vacío. Arte y técnica del teatro</i>. Barcelona: Península.</p> <p>Eco, Umberto (1986) <i>La estructura ausente. Introducción a la semiótica</i>. Barcelona: Lumen.</p>		

- Fischer Lichte, Erika (1999) *Semiótica del teatro*. Madrid: Arco.
- García Barrientos, J.L. (1998): *Las figuras retóricas. El lenguaje literario 2*, Madrid, Arco-Libros, 2ª ed. 2000.
- García Barrientos, José Luis (2001): *Cómo se comenta una obra de teatro*, Madrid, Síntesis.
- García Barrientos, José Luis (2004) *Teatro y ficción*. Madrid: Fundamentos – RESAD.
- Kowzan, Tadeusz. (1970): *Literatura y espectáculo*. Taurus: Madrid, 1992.
- Lotman, Iuri M. (1970): *Estructura del texto artístico*, Madrid, Itsmo, 1978.
- Marinis, Marco de (1988) *Capire il teatro. Lineamenti di una nuova teatrologia*, Firenze, La Casa Usher.
- Martínez Paramio, Agapito (2006) *Cuaderno de dirección teatral*. Ciudad Real: Ñaque.
- Meyerhold, V. E. (2003) *Teoría teatral*. Madrid: Fundamentos.
- Ordoñez, M. (2011) *Telón de fondo*. Barcelona: El Aleph Editores.
- Pavis, Patrice (1990) *Diccionario del teatro: dramaturgia, estética, semiología*. Barcelona: Paidós.
- Pavis, Patrice (2000): *El análisis de los espectáculos*, Barcelona, Paidós.
- Pruner, Michel (2004): *A fábrica do teatro*. Vigo: Galaxia.
- Roubine, J-J. (2002): *Introducción ás grandes teorías do teatro*. Vigo: Galaxia.
- Spang, Kurt (1991) *Teoría del drama. Lectura y análisis de la obra teatral*. Pamplona: Universidad.
- Trancón, Santiago (2006) *Teoría del teatro*, Madrid, Fundamentos.
- Übersfeld, Anne (1993) *Semiótica teatral*. Madrid: Cátedra
- Übersfeld, Anne (1996) *Lire le théâtre I, II, III*. Paris: Belin.

#### 10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

*Amnistía ortográfica*: Prégase atención á redacción e ás faltas de ortografía nas probas e traballos, pois poden rebaixar a nota en 0,05 puntos por falta en casos de exceso, puntuación que será devolta se o alumno demostra ter superado o problema en probas sucesivas.

*Política antiplaxio*: Calquera copia ou paráfrase directa de traballos publicados en calquera soporte (fundamentalmente internet) implicará un suspenso automático, só recuperábel nas convocatorias ordinaria e/ou extraordinaria.